

**ORDENANZA FISCAL Nº 33 REGULADORA DA  
TAXA POLA PLACA DE MATRÍCULA DE  
CICLOMOTORES**

\*\*\*\*\*

**NATUREZA, FUNDAMENTO E FEITO  
IMPOÑIBLE**

**ARTIGO 1**

Este Concello, en virtude das facultades que lle confiren os art. 48, 117 e concordantes da Lei 39/88 do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, co obxecto de determina-la contía da Placa de matrícula de ciclomotores no municipio de Vilagarcía de Arousa, ACORDA establece-la seguinte ORDENANZA:

**SUXEITOS PASIVOS**

**ARTIGO 2**

Serán suxeitos pasivos da Taxa, as persoas físicas ou xurídicas que soliciten a placa de matrícula de ciclomotores. A estes efectos todo propietario dun ciclomotor igual ou inferior a 50 c.c. con domicilio no Concello de Vilagarcía de Arousa, ten a obrigaçión de matriculalo na forma e prazos establecidos na Ordenanza Municipal de Tráfico.

**DEVENGO**

**ARTIGO 3**

A Taxa devengase no momento que se solicite a inscriçión do ciclomotor no Rexistro Municipal de Ciclomotores.

**PREZO DA PLACA DE MATRÍCULA.**

**ARTIGO 4**

A contía da placa de matrícula de ciclomotores determinarase en función do seu prezo de custo ó que se lle aplicará un coeficiente de incremento do 1,10.

**OUTRAS OBRIGACIÓNS DO PROPIETARIO.**

**ARTIGO 5**

No caso de sustracción ou roubo, perda ou deterioro da placa de matrícula do ciclomotor, o seu propietario terá a obrigaçión de poñerlo en coñecemento da Policía Local e solicitar nova placa co abono da contía correspondente:

**DISPOSICIÓ N DERROGATORIA**

**ARTIGO 6**

A 1 de xaneiro de 1999 queda derogada a Ordenanza Reguladora do Prezo Público da Placa de Matrícula de Ciclomotores.

**ENTRADA EN VIGOR**

**ARTIGO 7**

O presente acordo foi aprobado polo Pleno deste Concello, en sesión celebrada o día 2 de novembro de 1998 e entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**Fecha modificación actual:**

Publicado BOP (novo texto como taxa): 17/12/1998